

**Ramón Otero Pedrayo** (Ourense, 1888-Trasalba, 1976)

Don Ramón Otero Pedrayo naceu en 1888 en Ourense, no seo dunha familia fidalga, culta e liberal. Cursou o bacharelato na súa cidade natal e a licenciatura en Dereito e Filosofía e Letras en Madrid. Foi amigo de Vicente Risco e de Florentino Cuevillas desde a infancia. Tras ingresar con eles nas Irmandades da Fala en 1918, militaría activamente no galeguismo político (foi un dos fundadores do Partido Galeguista e deputado polo Partido Nacionalista Republicano entre 1931 e 1933) e cultural (colaborou coa revista Nós, coas Irmandades e co Seminario de Estudos Galegos). Durante a guerra civil e despois, na posguerra, Otero Pedrayo permaneceu fiel ás súas ideas galeguistas e por iso lle abriron un expediente e foi expulsado do seu posto de profesor de instituto. En 1950 oposita á universidade e gaña a cátedra de xeografía en Compostela, posto que ocupará ata a súa xubilación.

**Obra narrativa**

A identificación coa terra, a figura do fidalgo e a evolución da conciencia galega son temas que se repiten na súa prolífica obra narrativa. Como foi un home de gran cultura, exerceu unha enorme influencia en escritores posteriores e nas novas xeracións de mozas e mozos galeguistas durante as décadas dos sesenta e setenta. Podemos diferenciar a súa novela realista da culturalista:

- **A narrativa realista** está caracterizada polo emprego dun narrador omnisciente, que relata con nostalxia a decadencia económica, física e moral da antiga clase social dominante na Galicia rural, a fidalguía; e o ascenso da burguesía urbana. Reflicte a transición do século XIX ao XX: as transformacións económicas e sociais e o cambio de valores que implica a desaparición da sociedade tradicional rural, baseada nunha explotación intensiva do campo, na que desempeñaba un papel fundamental o pazo. Otero cría que, coa morte desa sociedade, desaparecería a esencia de Galicia e, con ela, a súa característica primordial: a lingua.

A súa principal novela realista é ***Os camiños da vida*** (1928). A acción transcorre en Trasouto (Trasalba) e Santiago; entre a desamortización de Mendizábal (1837) e a revolución de 1868, previa á I República. As transformacións que ocasionan estes cambios históricos son relatadas a través da historia de dúas familias fidalgas veciñas: os Puga e os Doncos.

- **Na narrativa culturalista**, o narrador adopta o punto de vista interno dun personaxe e son frecuentes as evocacións e sensacións dos protagonistas. Algunhas son novelas históricas (*A romería de Xelmírez* e *Fra Vernerio*, de 1934) e outras teñen carácter autobiográfico, como *Arredor de si* (1930) ou *Devalar* (1935).

En ***Arredor de si***, narra o proceso de evolución cara ao galeguismo do Grupo Nós a través do mozo protagonista, Adrián Solovio, que representa o propio autor. A acción é unha viaxe interior de Adrián cara á conciencia galeguista, que transcorre paralela a outra viaxe real por España e Europa. A meta é, polo tanto, a súa identidade, xa de volta en Galicia, onde se produce o reencontro consigo mesmo e coa súa terra.

**Obra ensaística e teatral**

A súa produción ensaística está centrada na xeografía e na historia de Galicia (*Síntese xeográfica de Galicia*, ***Ensaio histórico sobre a cultura galega...***), aínda que tamén publicou libros de viaxes (*Pelerinaxes*, *Polos vieiros da saudade*).

A súa peza dramática máis representativa é ***A lagarada*** (1929).

**Características e estilo literario**

Otero estiliza a realidade con abundantes imaxes en períodos longos, inzados de subordinacións, enumeracións xustapostas e conxuncións copulativas. A intriga dilúese nun barroquismo verbal, con excesiva carga ideolóxica, e nun ritmo lento e descritivo que achega os seus relatos ao ensaio. Outras veces usa un estilo impresionista, a base dunha sintaxe sinxela e oracións breves.

## COMPRESIÓN LECTORA

1. **Indica** se son **certos (C)** ou **falsos (F)** estes enunciados sobre a vida de **Otero Pedrayo**.

- a) Naceu no seo dunha familia fidalga de ideas **conservadoras**. (**Falso: ideas liberais**)
- b) Estudou **Filoloxía** e Letras e Dereito en Madrid. (**Falso: Filosofía**)
- c) Ingresa nas Irmandades da Fala en 1918. (**Verdadeiro**)
- d) Foi elixido deputado en 1931 polo Partido Galeguista. (**Falso: Partido Nacionalista Republicano**)
- e) Tras a Guerra Civil é expulsado da súa cátedra. (**Verdadeiro**)

2. **Escolle** a opción **correcta**.

a) As **obras realistas** de Otero Pedrayo **caracterízanse** por...

- ✓ Plasmar a Galicia do XIX, as digresións históricas e o narrador testemuña.
- ✓ **O narrador en 3ª persoa omnisciente, que relata a decadencia da fidalguía.**
- ✓ Reflectir a transición do século XX ao XXI: as transformacións económicas e sociais e a desaparición da sociedade tradicional rural.
- ✓ Reflectir o papel fundamental do pazo nas transformacións económicas e no cambio de valores do século XIX.

b) **Os camiños da vida** trata...

- Dos cambios producidos na Galicia decimonónica, sobre todo a decadencia da burguesía e a ascensión da fidalguía.
- Dos cambios producidos na Galicia de principios do século XX, sobre todo a decadencia da burguesía e a ascensión da fidalguía.
- **Dos cambios producidos na Galicia decimonónica, sobre todo a ascensión da burguesía e a decadencia da fidalguía.**
- *Os camiños da vida* non foi a súa primeira novela senón un ensaio sobre a decadencia económica, física e moral da fidalguía.

3. **Escolle** a opción **correcta**.

a) As **obras culturalistas** de Otero Pedrayo **caracterízanse** por...

- ❖ As digresións culturais, plasmar a Galicia do século XX e o narrador en 3ª persoa que sabe e coñece todo.
- ❖ **Un narrador subxectivo que forma parte da historia, as evocacións frecuentes dos protagonistas e as súas sensacións.**
- ❖ Un narrador subxectivo omnisciente, as evocacións frecuentes dos protagonistas e as consideracións políticas e filosóficas.
- ❖ Un narrador obxectivo que forma parte da historia, as evocacións frecuentes dos protagonistas e as consideracións filosóficas.

b) O **protagonista** de *Arredor de si*, **Adrián Solovio**...

- Realiza unha viaxe imaxinaria por España e Europa que serve de soporte á viaxe interior que nel se está producindo.
- **Viaxa por distintos lugares de España e de Europa e vai experimentando uns cambios ideolóxicos que o levan de retorno a Galicia.**
- Viaxa por distintos lugares de España e de Europa e vai experimentando unha evolución ideolóxica que o leva a reencontrarse cos seus amigos da infancia.
- Viaxa polo mundo e vai experimentando unha evolución ideolóxica que o leva de retorno a Galicia, nun reencontro consigo mesmo e coa súa terra.

4. **Responde**.

a) En que **temas** se centra a súa **producción ensaística**? Na xeografía e na historia de Galicia.

b) **Título** dunha das súas **pezas teatrais**. ***A lagarada*** (1929).